

TRABALLO LUNS 27 DE ABRIL:

Lectura individual:

— Todos os que terminastes o libro de lectura podedes pasar a ler os contos que teñades na casa. Se aínda tendes dificultades para ler a palabra enteira, o mellor sería que repasásedes algunhas páxinas do libro unha ou dúas semanas máis.

Lecturas comprensivas:

— Páxina 4. Lectura do vocabulario

— Páxina 5. Realiza os dous exercicios.

Qué te cuentas:

— Ficha 1. Antes de realizar esta ficha podedes xogar a buscar obxectos na casa que teñan esas formas xeométricas. As indicacións das fichas están no reverso das mesmas.

— Realizar tres sumas.

— Escribir os números do 30 ao 40.

Actividades libro Nubaris:

— Neste caderno os nenos vanse iniciar no recoñecemento dalgúns elementos do universo, identificar avances tecnolóxicos e características da terra.


— Lectura do conto da unidade: “Un paseo espacial”

— Preguntas sobre o contido do conto.

— Realizar ficha 1 do libro De “Dimensión Nubaris”.

Nota: O conto da unidade e as preguntas sobre o mesmo, pídovos que llo lea o pai/nai ou un irmán.

Adxunto fotografías do conto:





A Aris e a súa amiga Lucía encántalles pasar o tempo falando sobre o universo e as estrelas e xogar a imaxinar como podería ser a vida nalgún deses afastados planetas.

Hoxe quedaron no planetario para ver unha exposición sobre a misión espacial en que participou Pedro Duque. Paseando entre enormes fotografías, unha pantalla moi grande chama a súa atención. Nela está proxectándose un vídeo do astronauta antes de subir á nave e as dúas detéñense a escoitar:

«Grazas á ciencia hoxe viaxarei lonxe da Terra. Podemos aprender moito sobre o noso planeta e como coidalo explorando o espazo. Cando volva, contareilles aos nenos o que vin. Ao mellor así anímanse a seren astronautas ou científicos».

—Eu anímome a ser científica agora mesmo —comenta a nena.

—E eu, a viaxar ao espazo! —engade Aris—. Tres, dous, un... Vamos! —di, movendo o nariz.



Que cómodo é o foguete! Ten uns asentos moi anchos con cintos de seguridade. Lucía está entusiasmada ante tantos aparatos e mandos que emiten sinais de todas as cores. Pero o máis sorprendente é o maravilloso espectáculo que se ve desde a ventá.

—Mira, Aris! Ali está o Sol e xirando ao seu redor, os planetas. Parecen os cabaliños dun carruse!!

Aris ri e sinala un deles.

—Pois ese semella unha estrela, verdade? —comenta.

—Eu sei cal é! É Venus. Brilla tanto que o chaman o luceiro da alba —explicalle Lucía.



—Ao seu lado está Marte —sinala Aris.

—Semella un tomate xigante! Oxalá puidéramos visitalo e descubrir se alí viven os marcianos! Pero seguro que iso é imposible —comenta Lucía.

Aris colle os mandos da nave e diríxela cara á Lúa. Despois explicalle a súa amiga:

—Ves esas pisadas que se ven no chan? Deixáronas os astronautas que pasearon por alí. Entón tamén parecía imposible chegar á Lúa. Con todo, conseguímolos.

—Aris, imaxinas que alegría deberon sentir ao logralo? —pregunta a nena ensimesmada.

—Non só os astronautas, Lucía, senón todas as persoas que traballaron para que iso fose posible.



—Onde está a Terra, Aris? Non a vexo.

Aris dirixe a nave cara a ela e, de repente, ante os seus ollos aparece unha bóla azul con manchas brancas.

—Que pequena se ve desde aquí arriba! Parece mentira que nela poidan vivir tantas persoas! E que cor tan fermosa! —comenta a nena.

—A Terra está chea de auga, por iso se ve azul, as manchas brancas son as nubes —engade Aris.



Aris toma os mandos para achegarse un pouco máis.

—Mira, alí había un bosque, pero agora xa non crecen plantas e alí había un río, pero secou. Imaxinas como se verá o noso planeta se seguimos malgastando a auga? —comenta Aris.

Lucíaponse colorada, ela é moi despistada e en varias ocasións deixou a billa aberta. Agora sabe que debe poñer máis atención. A Terra é a nosa casa!

—Estou lembrando o que dixo Pedro Duque antes de subir á nave. Grazas á ciencia podemos coñecer mellor o noso planeta e así aprender a coidalo. Debemos volver. Teño que contarlles aos meus amigos todo o que aprendín.

Aris sorri á súa amiga; seguro que será una gran científica. E quen sabe... igual chega pisar Marte algún día!

